

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/10/2018 8:41:26

SAIDA 12709/18

Valedor
do Pobo

Sra. secretaria xeral técnica da Consellería do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/18761/18

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Sra. secretaria xeral técnica:


Ao abeiro do establecido no artigo 16.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, formúlase queixa de oficio, co obxecto de coñecer a situación da pesca do cerco no litoral galego.

No transcurso do 129 pleno do Comité Europeo das Rexións, o Presidente da Xunta de Galicia defendeu un ditame para que o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), promovera unha política marítima sostible que fixese posible o respecto ao carácter tradicional da actividade pesqueira, co espírito innovador para mellorar a conservación dos recursos mariños e a sustentabilidade ambiental ao tempo que se mantén a actividade en termos económicos e sociais. Tamén nese ditame defendíase a compatibilidade entre o *FEMP* coa execución doutros fondos como *FEADER*, *FEDER* ou o *FONDO SOCIAL EUROPEO*, para impulsar a través dunha acción conxunta o desenvolvemento das áreas costeiras non urbanas, do litoral galego.

Neste momento descoñécese a incidencia deste ditame sobre as devanditas áreas costeiras de Galicia, e de xeito concreto, sobre a denominada *Pesca do cerco*, cuxos problemas son expostos con reiteración nos medios de comunicación galegos.

Polo tanto, solicitamos a súa colaboración para que nos informe sobre a situación da pesca do cerco no litoral de Galicia e confiamos que no prazo dun mes podamos recibir unha información acaída sobre esta cuestión.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.


Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo